



Con motivo da celebración este ano do día mundial dos bosques e das árbores, o Concello de Cambre deunos a posibilidade de plantar dúas árbores autóctonas no noso centro, participando desta iniciativa para concienciar da rápida deforestación, que acontece verán tras verán, nos nosos bosques e nos do resto dos países, e da falta de concienciación sobre a importancia de coidalos.

O sitio para plantar será na entrada do centro, onde puxemos dúas árbores o curso pasado; e que como non foron quen de medrar aproveitaremos o sitio.

A actividade quedará reflectida nalgunhas fotografías que poñeremos na páxina web do centro.